

ANEXO: Solicitud de participación na convocatoria de recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros da USC 2021

Centro proponente: Facultade de Humanidades, Campus de Lugo, USC

Denominación da práctica: Elaboración e implantación dunha “Guía sobre a modalidade semipresencial para o alumnado da Facultade de Humanidades do Campus

Datas de desenvolvemento da práctica: dende novembro do ano 2020 (data de aprobación na Comisión de Calidade do centro: 12 de novembro de 2020. Data de aprobación en Xunta de Facultade de centro: 18 de novembro de 2020) ata a actualidade.

Breve descrición da práctica:

A elaboración desta guía sobre a modalidade semipresencial por parte da Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades obedece a tres factores fundamentais:

- A inexistencia dunha normativa a nivel xeral da USC.
- A implantación desta modalidade nos títulos impartidos na Facultade de Humanidades e a constante actualización das medidas con vistas a mellorar a calidade da impartición desta modalidade.
- As numerosas dúbidas e as cuestións formuladas polo alumnado en relación ás características e ao funcionamento desta modalidade.

Esta guía foi presentada e explicada na Xornada de Benvida tanto ao alumnado de primeiro curso do Grao en Xestión Cultural como do Mestrado en Servizos Culturais e figura como un recurso á súa disposición na páxina web do propio centro para a súa consulta. Enlace:

https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/65t7NnQbhpJZGn_I2OneC9ssw6t1UiHAlzxkbX9ImWE/1635401043/public/documents/2021-05/Guia-semipresencialidade-definitiva_0.pdf

Breve avaliación da eficacia da práctica:

Esta guía sobre a modalidade semipresencial presenta unha serie de características que xustifican a súa pertinencia e eficacia:

- Presenta un índice dividido en 15 apartados aos cales o alumnado pode acceder directamente con só pinchar enriba deles.
- Os contidos de cada apartado elaboráronse tomando como evidencias as dúbidas que soe presentar o alumnado que cursa os seus estudos nesta modalidade, transmitidas ao/á coordinador/a de Grao e Mestrado e que aparecen recollidas nas actas das reunións da Comisión Académica e de Título de Grao, Comisión do Título de Mestrado e Comisión de Calidade do centro.

- De acordo con estas dúbidas, os contidos aparecen agrupados en tres temáticas fundamentais: a definición da modalidade semipresencial e as súas formas de impartición, as ferramentas empregadas na docencia e aprendizaxe e na comunicación entre alumno e docente e, finalmente, a elaboración das tarefas docentes e a súa corrección.
- A redacción de cada apartado emprega unha linguaxe sinxela e directa o que facilita a súa comprensión por parte do alumnado.
- A variada temática de cada un deles permite que se poidan resolver todas as dúbidas.
- E, finalmente, esta guía revisárase todos os cursos académicos e actualízase de acordo coas problemáticas que poidan xurdir ou se a propia universidade realiza cambios na súa normativa e que afecten a esta modalidade.

Lugo, 3 de novembro de 2021

O DECANO,

Gonzalo F. Fernández Suárez